

## **Ordenanza Reguladora de Circulación de Vehículos de Movilidad Persoal (VMP)**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A recente aparición e proliferación de novos medios de transporte urbano, como son os vehículos de mobilidade persoal (VMP), require que as Administracións Públicas actúen no exercicio das súas potestades co fin de garantir un uso adecuado dos espazos públicos por toda a cidadanía.

A elaboración e posta en marcha do Plan de Movilidade Urbana Sostible (PMUS) pretende dar resposta ás necesidades de mobilidade, tanto actuais coma futuras, para a mellora da calidade de vida da cidadanía promovendo a redución das emisións contaminantes e o ruído, así como a posta en valor dos espazos peonís. Un dos obxectivos deste plan é a promoción dos medios de transporte de menor custe económico, ambiental e enerxético, tanto para persoas coma mercadorías, e os VMP son un dos moitos exemplos que permitirán a consecución destes obxectivos. Entre os seus puntos a favor, contan coa facilidade de manobrabilidade e aparcamento, carencia de emisións de CO<sub>2</sub>, custe cero en combustíbles; resumindo, favorecen os desprazamentos persoais. Este tipo de vehículos cunha masa superior á dun peón e maior velocidade, colócaos nunha posición dentro da mobilidade que require un espazo propio dentro das vías, tanto na súa circulación como no estacionamento en espazos públicos. Ademais, tamén se deben contemplar as utilizacións comerciais dos devanditos vehículos, entre as que caben sinalar os alugueiros ou usos compartidos, e o transporte de mercadorías.

Por outra banda, son frecuentes as situacións que xeran riscos ao compartiren estes vehículos o espazo peonil. Contemplar a seguridade viaria é tamén un elemento fundamental das políticas de mobilidade sostible, polo que o interese público por satisfacer cas debidas garantías os diferentes intereses privados xustifica que o Concello de Betanzos promova unha regulación do uso destes vehículos na cidade, namentres non exista unha normativa específica de rango superior.

Dado que na actualidade carecen dela, a Dirección General de Tráfico (DGT) redactou a instrución num. 16/V-124 para os VMP, na que se propoñen uns criterios que servirán de base aos Concellos para redactar as súas propias normativas que regulen a circulación de esta clase de vehículos nas vías urbanas.

No uso da facultade que lle confire a letra b) do artigo 7 do Texto Refundido da Lei de Circulación, Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, aprobada polo RDL 6/2015, do 30 de outubro, redactouse a presente Ordenanza reguladora da utilización de esta clase de vehículos polas vías urbanas do Concello, facendo compatible o seu uso co dereito dos peóns e o uso peonil das rúas.

Na elaboración do texto tívose en conta o acordo adoptado pola Xunta de Goberno da Federación Española de Municipios e Provincias do 29 de outubro de 2018, sobre o uso da beirarrúa e a prioridade peonil, así como a regulamentación tramitada por outros entes locais.

## **CAPÍTULO PRIMEIRO CATALOGACIÓN TÉCNICA DOS VMP**

### **Artigo 1.- Obxecto da Ordenanza.**

A presente Ordenanza ten por obxecto regular a circulación e estacionamento dos Vehículos de Mobilidade Persoal (VMP) no término municipal de Betanzos, sen prexuízo da observancia da normativa vixente sobre tráfico, seguridade viaria e circulación de vehículos e a súa integración no funcionamento global do sistema de mobilidade da cidade.

### **Artigo 2.- Definición dos VMP. Características**

2.1.- En aplicación da lexislación de tráfico, os dispositivos de mobilidade persoal terán a consideración de “vehículos”, de acordo coa definición que dos mesmos establece o punto 6 do Anexo 1 do Real Decreto Lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria. Dispón o citado punto que enténdese por vehículo “*O aparato apto para circular polas vías ou terreos ás que se refire o artigo 2º*”.

2.2.- Os VMP deberán aterse no seu deseño, fabricación e comercialización aos requisitos técnicos establecidos na lexislación vixente en materia de seguridade industrial e de seguridade xeral dos produtos, de acordo co disposto na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de Industria.

2.3.- Polo seu deseño, os VMP clasifícanse de acordo as súas características, peso, velocidade e regulación de uso, nos seguintes grupos:

- Clase A: comprenden as bicicletas, rodas, plataformas e patinetes eléctricos máis pequenos e máis lixeiros, de conformidade co Anexo I da Instrución da DGT num. 16/V-124.
- Clase B: Plataformas e patinetes eléctricos de maior tamaño, de conformidade co Anexo I anteriormente citado. A idade mínima para a súa condución será de 16 anos.
- Clase C: Son aqueles ciclos de máis de dúas rodas e que a súa vez clasifícanse en:
  1. Clase C0: para o uso persoal, asimilable a unha bicicleta, de modo que as condicións de circulación e a normativa será a mesma que a da bicicleta. A idade mínima para a súa condución será de 16 anos.
  2. Clase C1: Destinados a unha actividade de explotación económica. A idade mínima para a súa condución será de 18 anos.
  3. Clase C2: Destinados ao transporte de mercadorías. A idade mínima para a súa condución será de 18 anos.

## ***Borrador Ordenanza Municipal VMPs***

Non obstante, os menores de 16 anos poderán utilizar os vehículos descritos fora das zonas de circulación en espazos pechados ao tráfico baixo a responsabilidade de pais, nais e titores ou titoras, sempre que o vehículo sexa adecuado á súa idade, altura e peso.

2.4.- Os VMP deberán dispor dun timbre cando circulen polas vías públicas, prohibíndose o emprego doutros aparellos acústicos distintos, ca excepción dos da clase A.

2.5.- Os VMP deberán dispor dunha luz de freada, ca excepción dos da clase A.

## **CAPÍTULO SEGUNDO**

### **NORMAS PARA A CIRCULACIÓN DOS VMP NAS VÍAS URBANAS**

#### **Artigo 3.- Normas para a circulación dos VMP nas vías urbanas**

3.1.- Os VMP deberán utilizar a calzada para circular, agás aqueles casos ou zonas nas que expresamente se prohiba mediante a correspondente sinalización.

3.2.- Os VMP, con carácter xeral, non poderán circular polas beirarrúas, parques e paseos destinados ao uso peonil, quitando os supostos previstos na presente Ordenanza, e de acordo cas limitacións e prohibicións que se sinalan no apartado seguinte.

3.3.- Autorízase a circulación dos VMP nas seguintes vías urbanas e con suxeición ás condicións que seguen:

- a) Vías ciclistas segregadas do resto do tráfico e das zonas destinadas ao tránsito peonil. Estas vías poderán ser utilizadas para a circulación de bicicletas e VMP con masa superior á das persoas e maior velocidade, sempre que a velocidade empregada non supere os 20 km/hora.
- b) Itinerarios compartidos peóns-carril bici. Autorízase a circulación de VMP nos itinerarios sinalizados compartidos de peóns-carril bici, que deberá realizarse dentro das bandas marcadas, mantendo unha velocidade moderada, sempre por debaixo dos 10 km/hora, e respectando en todo caso a prioridade de paso dos peóns. Os vehículos manterán ademais, unha distancia de a lo menos un metro nas manobras de adiantamento ou cruces de peóns, e non poderán realizar manobras bruscas que poñan en perigo a súa integridade física.
- c) Zonas de tránsito compartido entre peóns e VMP.
  1. Non se poderán establecer vías de tránsito compartido naquelas que por a súa gran relevancia comercial ou de tránsito tradicional de peóns ou de gran afluencia de tráfico, puidesen dar situacións de risco da seguridade viaria.
  2. Poderanse establecer, mediante a correspondente sinalización, zonas de tránsito compartido entre peóns e VMP en zonas peonís ou en beirarrúas de máis de 5 metros de anchura nos que, a lo menos, tres deles estean expeditos. Os VMP poderán circular no momento no que non exista aglomeración de peóns e sempre

### ***Borrador Ordenanza Municipal VMPs***

que se manteña unha velocidade moderada por debaixo dos 10 km/hora, e sempre nas vías sinalizadas ao efecto, respectando en todo momento a prioridade de paso e a velocidade dos peóns.

d) Itinerarios turísticos ou percorridos organizados en réxime de alugueiro.

Nestes casos, as persoas usuarias dos VMP deberán ir na compañía dun guía e non poderán superar o número de 6 vehículos por grupo. No caso de varios grupos, deberá existir unha distancia entre eles de, a lo menos, 50 metros.

3.4.- En todos os casos, o Concello poderá establecer unha prohibición de circulación dos VMP, por razóns de seguridade viaria, nos horarios que en cada caso se determinen, en determinadas zonas peonís e nas beirarrúas de determinadas rúas, aínda que estas teñan máis de 5 metros de anchura, mediante a oportuna sinalización.

### **Artigo 4.- Regras que deben observar as persoas condutoras de VMP**

4.1.- Respetarán en todo momento a prioridade dos peóns.

4.2.- Manterán unha distancia de, a lo menos, un metro ca fachada dos edificios, así como cos peóns nas operacións de adiantamento ou cruce, e non realizarán manobras negligentes ou temerarias que poidan afectar á seguridade dos peóns.

4.3.- Na calzada, os VMP circularán preferentemente polo carril da dereita. De existiren carrís reservados a outros vehículos, circularán preferentemente polo carril contiguo ao reservado. Os adiantamentos aos VMP por parte de outros vehículos motorizados realizarase sempre habilitando un espazo entre estes e os VMP de, a lo menos, un metro e medio de lonxitude.

4.4.- Deberán cumprir o establecido na lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria no relativo ás taxas de alcohol e presenza de drogas no organismo dos condutores e respecto ao uso de dispositivos de telefonía móbil, auriculares e outros sistemas de reprodución de son.

4.5.- As persoas condutoras de VMP da clase C deberán utilizar casco. A aquelas que conduzan os da clase B, non lles será esixible, se ben é recomendable.

4.6.- Os VMP das clases A e B únicamente poderán transportar unha persoa.

4.7.- Cando sexa obrigatorio o uso da iluminación, deberán levar colocada unha prenda ou elemento luminoso ou retro-reflectivo homologado e que responda ás prescricións técnicas contidas no parágrafo 2.13 do Anexo II do Real Decreto 1407/1992, do 20 de novembro, polo que se regulan as condicións para a comercialización e libre circulación intracomunitaria dos equipos de protección individual, que sexa visible a unha distancia mínima de 150 metros para os condutores e usuarios que se lles aproximen.

## **Artigo 5.- Estacionamento dos VMP**

5.1.- Os VMP deberán estacionarse nas vías urbanas da cidade de uso exclusivo para estes, quedando prohibido amarralos ás árbores, semáforos, bancos, colectores de lixo, papeleiras, marquesiñas, elementos de sinalización ou de mobiliario urbán cando se dificulte a funcionalidade do mesmo ou cando dane ou deteriore o seu estado.

5.2.- Ningún tipo de VMP poderá estacionar en lugares que obstaculicen o tránsito peonil ou de vehículos, nos elementos de indicación para invidentes e ramplas de acceso a cadeiras de rodas, nin o acceso a inmobles ou servizos, en especial o acceso a paradas de transporte público e, en ningún caso, xunto á fachada de edificios.

## **Artigo 6.- Permisos e autorizacións dos VMP para circular.**

6.1.- Os VMP non requirirán dunha autorización administrativa municipal para circular polas vías urbanas, sen prexuízo de aquelas outras que sexan esixibles regulamentariamente, salvo o disposto no apartado seguinte.

6.2.- Os titulares dos VMP das clases C1 e C2, deberán obter previamente do Concello a preceptiva autorización antes do inicio da actividade.

O exercicio de actividade comercial sen a preceptiva autorización municipal facultará aos axentes da autoridade municipal para a retirada dos VMP das vías públicas.

6.3.- A autorización concederáse por un período máximo de catro anos, que poderá renovarse por un período igual, antes da expiración do prazo inicial.

6.4.- Crearase un Rexistro na Policía Local das autorizacións outorgadas de VMP das clases C1 e C2, que conterá os seguintes datos:

- a) Datos de identificación da persoa física ou xurídica responsable da actividade económica a realizar.
- b) Clases e cantidade de VMP que exercerán a devandita actividade.
- c) Acreditación da contratación do seguro de responsabilidade civil obrigatorio.
- d) Data de expedición e de validez da autorización municipal.

Corresponderá, en todo caso, á Policía Local o control, inspección e mantemento de dito Rexistro.

## **Artigo 7.- Seguros**

7.1.- Os titulares dos VMP das clases C1 e C2 que desexen utilizalos polas vías urbanas, deberán contratar un seguro de responsabilidade civil que cubra as eventuais responsabilidades que lles poidan ser esixidas por danos e prexuízos derivados da utilización dos mesmos, e polo importe mínimo previsto regulamentariamente para os vehículos a motor.

## ***Borrador Ordenanza Municipal VMPs***

7.2.- Para o resto de VMP non será esixible a contratación dun seguro de responsabilidade civil, aínda que é recomendable.

### **CAPÍTULO TERCEIRO RÉXIME SANCIONADOR**

#### **Artigo 8.- Responsabilidade.**

A responsabilidade polas infraccións cometidas contra o disposto na presente Ordenanza, determinarase conforme prevé o Texto Refundido da Lei de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, aprobado polo Real Decreto Legislativo 6/2015, do 30 de outubro.

#### **Artigo 9.- Procedemento e réxime sancionador.**

A tramitación do procedemento sancionador será independente daqueles outros procedementos que, para a restauración da realidade física alterada ou para a execución forzosa, podan tramitarse.

O procedemento e réxime sancionador a seguir para as sancións aplicables ás infraccións tipificadas na presente Ordenanza, que non estean recollidas no Texto Refundido da Lei de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, será o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### **Artigo 10.- Infraccións e sancións.**

As infraccións ás normas contidas na presente Ordenanza, que á súa vez constitúan infraccións dos preceptos do Texto Refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, e os seus Regulamentos de desenvolvemento, denunciaranse conforme a esta normativa e serán tramitadas e sancionadas de acordo cos termos previstos na mesma.

#### **Artigo 11.- Infraccións e sancións aos preceptos desta Ordenanza.**

11.1.- Son infraccións leves:

- a) Non levar instalado timbre ou levalo deteriorado de xeito que non cumpra a súa funcionalidade cando circule por vías públicas urbanas da cidade, nos VMP das clases B e C.
- b) Non utilizar o casco de protección durante a condución de VMP da clase C.
- c) Non utilizar durante a condución dun VMP a prenda retro-reflectante regulado no artigo 4.7, cando sexa obrigatorio o uso da iluminación.
- d) Circular cun VMP polas beirarrúas, parques e paseos destinados ao uso peonil non autorizados expresamente.
- e) Circular de xeito transversal por un paso de peóns conducindo un VMP, salvo que o

### ***Borrador Ordenanza Municipal VMPs***

cruce a pe.

- f) Non manter unha distancia dun metro ca fachada de edificios ou nas manobras de adiantamento ou cruce cos peóns, sen risco para a integridade física destes.
- g) Non respectar o número máximo de seis VMP establecido para os grupos organizados, sempre que dito número non exceda de dous.
- h) Non respectar a distancia mínima de 50 metros entre grupos guiados.
- i) Amarrar de calquera xeito un VMP a árbores, semáforos, contedores, papeleiras, marquesiñas de transporte ou calquer mobiliario ou elemento público; danando, deteriorando ou impedindo a correcta utilización dos mesmos.
- j) Levar un remolque ou semi-remolque non homologado, destinado ao transporte de mercadorías ou de persoas, no seu caso, sen estar cargado ou sen transportar persoas.

#### **11.2.- Son infraccións graves:**

- a) Circular cun VMP por zonas non autorizadas de forma negligente con risco para os peóns ou o resto de usuarios.
- b) Non manter a distancia dun metro nas manobras de adiantamento ou cruce cos peóns con risco para a integridade física distos.
- c) Circular sen respectar a prioridade dos peóns.
- d) Non respectar o número máximo de seis VMP establecido para os grupos organizados, sempre que dito número exceda de dous e non sobrepase de catro.
- e) Circular por zonas de relevancia comercial, de tránsito tradicional de peóns ou de gran afluencia de tráfico con risco para a seguridade viaria.
- f) Circular por zonas de itinerarios compartidos a unha velocidade superior a 10 km/h.
- g) Transportar un menor de idade, ou un menor de sete anos en remolques acoplados a un VMP indebidamente certificados ou homologados.
- h) Non iren acompañados dun guía nos recorridos turísticos ou organizados.
- i) Incumprir, os titulares das autorizacións municipais para as distintas actividades económicas, a obriga de respectar os recorridos ou horarios autorizados.

#### **11.3.- Son infraccións moi graves:**

- a) Circular polas zonas desagregadas de tráfico ou destinadas ao tránsito peonil a unha velocidade superior aos 20 km/h.
- b) Non respectar o número máximo de seis VMP establecido para os grupos organizados, sempre que dito número sobrepase de catro.
- c) Exercer a actividade económica con VMP sen a preceptiva e previa autorización municipal.
- d) Non dispor do seguro obrigatorio o VMP destinado a exercer actividade económica.
- e) Exercer actividades económicas con VMP distintos aos autorizados ou con vehículos distintos aos regulados nesta Ordenanza.
- f) Exercer a actividade económica sobrepasando o prazo estipulado na autorización, sin haber presentado a solicitude de renovación do mesmo.

#### **11.4.- Sancións**

- a) As infraccións leves serán sancionadas con multa de ata 150 euros.

### ***Borrador Ordenanza Municipal VMPS***

- b) As infraccións graves serán sancionadas con multa entre 151 e 500 euros.
- c) As infraccións moi graves serán sancionadas con multa entre 500 e 1000 euros.

#### **Artigo 12.- Prescripción das infraccións e sancións**

12.1.- As infraccións ás normas contidas na presente Ordenanza que, a súa vez, constitúan infracción dos preceptos do Texto Refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria e nos seus Regulamentos de desenvolvemento e as súas sancións correspondentes, rexiranse polo réxime de prescripción recollido en dita normativa.

12.2.- O resto de infraccións reguladas na presente Ordenanza prescribirán, as moi graves aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses de seren cometidas.

12.3.- O prazo de prescripción das sancións reguladas na presente Ordenanza será de tres anos para as impostas pola comisión de infraccións moi graves, dous anos para las que se impoñan pola comisión de infraccións graves, e un ano para as impostas por infraccións leves.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.-**

A presente Ordenanza, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Betanzos, na sesión celebrada o día \_\_\_\_\_, entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, e haxa transcurrido o prazo de quince días hábiles ao que fai referencia o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.